AMICOS

MEMORIA
ACTIVIDADES
2016

AMICOS

MEMORIA
ACTIVIDADES
2016

Amicos é unha asociación dedicada oa coidado e atención de persoas con discapacidade intelectual, autismo e parálise-dano cerebral e das súas familias.

CON ESTA MEMORIA PRETENDEMOS FACER UN BREVE RESUMO DAS ACTUACIÓNS MÁIS IMPORTANTES LEVADAS A CABO AO LONGO DO ANO 2016 NA ASOCIACIÓN AMICOS E OS SEUS CENTROS E SERVIZOS, PARA O COÑECEMENTO XERAL.

O Barbanza necesita unha unidade especializada para persoas adultas con autismo

Amicos aproveitou o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, o 2 de abril, para demandar a creación dunha unidade especializada para adultos con autismo. Compre lembrar que a Asociación xa dispón de recursos específicos para atender as persoas con TEA (trastorno do espectro autista) e, de feito, xa hai 25 usuarios con TEA atendidos. En concreto, beneficianse dunha Unidade de Atención Tempera para nenos de 0 a 6 anos, un Centro de Educación Especial con dúas unidades específicas para nenos/as con autismo que traballa en tres áreas (Integración – Combinada – Educación Especial) e Fogar Escola de transición a vida adulta. Agora ben, na actualidade non existe ningún centro -nin en Amicos nin en ningún outro lugar da comarca pensado para as persoas adultas. Trátase dunha eiva importante, pois os expertos estiman que 25 por cada 10.000 adultos teñen TEA.

Ademáis desta reivindicación, Amicos programou unha repleta semana de actividades divulgativas. Máis de 20 comercios colaboraron engalanando os seus escaparates con motivos azuis, a cor do Día do Autismo. Amicos quere agradecer a súa axuda e os agasallos recibidos.

Dentro do seu empeño por divulgar a realidade das persoas con discapacidade, a Asociación asesorou e difundiu as actividades doutros centros educativos -por exemplo os do CEIP de Frións en Ribeira- para concienciar aos alumnos da vida cotiá das persoas con TEA.

Tamén co gallo desta celebración, Amicos e ARASAAC presentaron a adaptación das instalacións do Concello de Ribeira as necesidades das persoas con autismo. Ribeira foi o primeiro concello do Barbanza en adaptalas e tamén é o único que ten unha ruta de sendeirimo adaptada.

Amicos agarda que nos vindeiros meses outros municipios e administracións incorporen os pictogramas que axudan as persoas con autismo a recordar a finalidade das diferentes estancias e a orientarse.

Visita do conselleiro ao Centro de Educación Especial

O conselleiro de Educación coñeceu de primeira man o traballo do Centro de Educación Especial de Amicos (CEEPR) durante unha visita institucional no mes de abril. Román Rodríguez estivo acompañado polo alcalde de Riveira, Manuel Ruiz e o presidente de Fademga Plena Inclusión (federación a que pertence Amicos), Eladio Fernández.

O CEEPR leva máis de oito anos ofrecendo un ensino especialmente pensado para persoas con discapacidade entre 3 e 21 anos.
Na actualidade, cursan ensinanzas oficiais e regradas 20 alumnos.

O equipo multidisciplinar do centro de Ribeira (psicopedagoga, mestre de educación especial, logopeda, fisioterapeuta e psicóloga) aplica unha metedoloxía funcional para que os alumnos aprendan a resolver os problemas da vidia cotiá por eles mesmos.

Festa e desfile na celebración do Entroido

Begoña, disfrazada de abueliña, foi a gañadora do concurso de disfraces da festa de Entroido no mes de febreiro. Usuarios, monitores, familias compartiron a celebración que tamén incluíu baile, xogos populares, xantar e concurso de lambonadas.

Amicos organiza periódicamente eventos deste tipo como parte do seu programa de plena integración social.

Así, por exemplo ademais da festa no Centro de Atención Integral, os usuarios/as participaron no desfile de carnaval de Boiro, onde acudiron disfrazados de ladróns.

Ouro en petanca nos xogos autonómicos Special Olympics

12 usuarios/as de Amicos participaron nos XXI Xogos Autonómicos minoritarios o 9 de abril no Multiusos do Sar en Santiago.

Acudiron ao evento organizado por Special Olympics.

O balance foi moi positivo: unha xornada de confraternización con máis de 350 deportistas e, a nivel puramente deportivo, destacar que tres parellas lograron medalla de ouro en petanca e unha usuaria medalla de prata en probas adaptadas.

Na foto, Carmen e Ana, unha das parellas petanquistas triunfadoras.

Servizos E.I.L, unha empresa de inserción laboral

Amicos, ademáis e de atender as persoas con discapacidade, favorece a súa participación no mercado de traballo laboral mediante Properdis, unha empresa de inserción laboral.
Nas últimas datas, esta iniciativa logrou dous novos traballos, o que demostra a súa capacidade.

Así, os traballadores de Properdis estiveron a completar un encargo para a Mancomunidade de Montes de Dodro. En concreto, realizaron unha plantación de árbores procedentes do noso Ecovieiro en cinco hectáreas de terreo desta Mancomunidade. Properdis ten unha ampla experiencia neste tipo de traballos, xa que realizou repoboacións noutras áreas, incluído o Parque Nacional das Illas Atlánticas e o Monte Gaiás, ao redor da cidade da Cultura.

Por outra parte, o Concello de Ribeira seleccionou a empregados de Properdis para realizar funcións de conserxería durante as fins de semana.
Estas persoas encargaranse da apertura, recepción e control de acceso de instalacións culturais como o centro cultural Lustres Rivas, o Museo Municpal e o Auditorio Municipal.

Properdis naceu hai máis de cinco anos como culminación de todos os traballos de capacitación laboral que realiza Amicos.
A empresa está especializada sobre todo en traballos de construción (reforma, rehabilitación, etc.), conservación e mantemento, medio ambiente (limpeza de especies invasores, recuperación de zonas degradadas, etc.), forestais (plantacións, desbroces, podas, etc.) e xardinería.

Visitamos a Cidade Imaxinaria en Santiago de Compostela

Amicos, a través da Fundación Integrados, organiza case todas as semanas saídas de lecer para os usuarios e as súas familias.
O obxectivo é que poidan participar coma un máis na vida cultural e social do país. Unha das saídas foi a Cidade da Cultura de Galicia o 20 de agosto. No Monte Gaias organizouse unha nova edición da "Cidade Imaxinaria".

Trátase dun día completo de actuacións, circo, baile, xogos, concursos e outras actividades pensadas para nenos, mozos e familias. Foi un gran éxito de público no que participaron varias ducias dos nosos usuarios.

Abofé que repetiremos para o próximo ano.

Integraescola, a importancia da inclusión

O programa Integr@escola está dirixido aos centros de ensinanza, punto principal de partida da inclusión das persoas con discapacidade.
A través deste programa ofertáronse un amplio abano de actividades para fomentar o cambio de visión cara a discapacidade:

Neste ano, 2016 varios foron os centros de ensinanza que participaron neste programa:

-CEIP HEroinas de Sálvora, quenes no mes de maio, aproveitando a semana da Orientación e Diversidade organizaron con CEEPR Amicos varios obradoiros.

-EEI Fernández Varela e CEP Pilar Maestu Sierra compartiron unha xornada de contacontos cos alumnos do CEEPR Amicos

-IES Porto do Son contou cunha exposición para dar visibilidade á discapacidade

O director xeral de Inclusión Social, D. Arturo Parrado inaugurou un curso de formación en Amicos

A Asociación Amicos impartiu un curso para capacitar laboral mente a a persoas con discapacidade e facilitar unha inserción laboral.O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, Arturo Parrado Puente, inaugurou no mes de xullo este ciclo de formación, denominado "Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería", no Centro de Atención Integral Amicos de Boiro, acción foramtiva cofinanciado por INSERTA, Fundación ONCE, e polo Fondo Social Europeo.

Na inauguración tamen estiveron presentes, Dna Menchu Iglesias (Directora territorial de Inserta-F. Once Galicia) e D. Diego Santamaria Vila (Concelleiro de Medio Rural, do concello de Boiro)

No curso participaron 12 mozos menores de 30 anos con discapacidade intelectual, unha parte deles usuarios do Centro Ocupacional de Amicos. Cun total de 330 horas, esta acción formativa tivo un marcado carácter práctico. Non é a primeira vez que Amicos organiza no verán cursos de capacitación laboral no sector forestal e de xardíns, eido no que traballa a miúdo a través da Empresa de Inserción Laboral Servizos EIL..

Celebración de San Xoan

Máis de un cento de usuarios do Centro de día, centro educativo, centro residencial e centro ocupacional festexaron xuntos o San Xoán nas instalacións de Boiro.

Houbo un xogo de buca das herbas de San Xoán e xogos populares (tirar da corda, brilé,etc.) antes de prender a típica fogueira. O menú de hoxe foi especial, coas imprescindíbeis sardiñas asadas con cachelos.
A festa rematou polo serán coa sempre exitosa sesión de karaoke.

Amicos programa regularmente celebracións deste tipo (Magosto, Samaín, Día das Letras, etc.). O obxectivo é contribuír á inclusión das persoas con discapacidade facéndoas partícipes dos acontecementos sociais que marcan a cultura e a contorna humana na que viven.

Así, ademais de xornadas festivas no Centro de Atención Integral de Boiro, Amicos organiza case todas as semanas actividades culturais, deportivas e medioambientais.

Amicos amplía as prazas concertadas no seu centro de educación

O Centro de Educación Especial Privado segue a medrar. Para este curso que comeza amplía o concerto coa a Consellería de Educación, polo que hai unha unidade concertada máis. Polo tanto, os pais dos rapaces desa unidade non terán que sufragar ningún gasto.

O CEEPR é un centro oficial dependente da Xunta e conta con 7 unidades autorizadas: 2 unidades de educación especial para pluridiscapacitados, 3 para persoas con autismo e 3 para persoas con discapacidade psíquica.

É de carácter privado concertado, aconfesional e libre de calquera tendencia ideolóxica ou política.

A xornada vai de 10 a 16:30, cun descanso dunha hora, na que funciona o servizo de comedor. Os alumnos dispoñen de, ademais dunha mestra-titora,
de especialistas de Fisioterapia e Logopedia. De cara a este curso curso, está prevista unha matrícula duns 20 alumnos/de entre os 5 e os 19 anos.

Cada un deles dispón dunha programación individualizada.



Nova sala de estimulación

O Centro de Atención Integral de Amicos en Boiro dispón dunha nova sala de estimulación sensorial, que posúe a última tecnoloxía dispoñíbel no mercado para as persoas con discapacidade aprendan a percibir mellor o seu contorno, previndo o envellecemento cerebral e axudándolles a relaxarse.

Na sala os usuarios aprenden a relaxarse e a expresar as súas emocións. Todo o contorno está deseñado ao milímetro para poder calmarse e centrarse facilmente luces difusas, emisores de olores agradábeis, sistema de son que emite música pausada, un proxector de imaxes tranquilizadoras e incluso un colchón hidoracústico, capaz de transmitir a todo o corpo da persoa deitada o son da música a través de vibracións de diferente intensidade e ritmo.

Ademais da relaxación, a outra gran funcionalidade da sala é estimular a percepción sensorial dos usuarios, previndo que as súas capacidades cognitivas se deterioren prematuramente.

A nova sala de estimulación sensorial é unha das ferramentas dete tipo máis completas e modernas que hai agora mesmo en Galicia. A Asociación Amicos quere agradecer aos seus colaboradores o apoio recibido que permitirá seguir avanzando na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.

Favorecendo a curiosidade e a observación para coñecer e interpretar o mundo que lles rodea

3º posto na liga de fútbol sala organizada por Special Olympics

O equipo, que comparten homes e mulleres e xoga en Riveira, contra outros equipos de liga Special Olympics.

O mesmo está composto por Angel G, Luis S, Fran, Carlos, José, Javier, Rosa e Maria.

Acceso ao emprego público

A Lei obriga a reservar para persoas con discapacidade intelectual o 2% das prazas das ofertas de emprego públido.

A Administración Xeral do Estado levou a cabo xa tres convocatorias de oposicións de emprego público con prazas reservadas en exclusiva para persoas con discapacidade intelectual. De acordo aos datos publicados por FADEMGA, no país había a finais de 2015 polo menos dous galegos que lograron unha praza Administración do Estado en Galicia grazas a estas convocatorias.

En decembro, a Xunta comprometeu que "abordará a creación de listas de contratación específicas para persoas con discapacidades intelectuais, e haberá reunións coas entidades representativas do sector para tratar os procedementos de acollida a seguir e as características destes postos de traballo".

Dende Amicos aplaudimos os pasos dados por varias administracións para facer reais os compromisos determinados polos lexisladores. Asemade, animamos ao resto de administracións, nomeadamente aos concellos, a comenzar a avanzar na mesma dirección.

O verán en Amicos

O verán pode resultar un período complicado para calquera pai que, asemade de coidar a un cativo, teña que traballar. A conciliación dos horarios resulta aínda máis importante para as persoas que teñen ao seu cargo a persoas con discapacidade intelectual. Desgraciadamente, a oferta de campamentos e actividades para nenos e nenas con discapacidade segue a ser moi reducida.

Ademais, as persoas con discapacidade intelectual son moi sensíbeis aos cambios, incluso máis que os rapaces habitualmente. Velaí a importancia de manter unhas rutinas (de horarios, actividades, etc.) durante o verán. Hai que evitar ser ríxido como se viviran nun campamento militar porque ao final os rapaces tamén poden desenvolver problemas para tolerar calquera cambio; pero as rutinas son importantes.

Consciente desta problemática, Amicos programa todos os veráns actividades no Centro de Educación Especial de Ribeira. O CEEPR ofrece un curso de verán de luns a venres entre 10 da mañá e 4 tarde, horario que facilita a conciliación laboral dos pais e permite as familias dispor tamén de tempo de ocio no serán. Tamén mantén o comedor para todos os inscritos e o transporte.

No verán, as aulas céntranse en reforzar os coñecementos xa aprendidos mediante, entre outras actividades, talleres de música, de teatro ou de relaxación. Non se trata de avanzar nas programacións, senón de repasar o coñecido dun xeito máis lúdico. Uns quince rapaces comezaron en xullo e seguiron todo o verán salvo a primeira quincena de agosto, cando Amicos pecha por vacacións. Nese período os socios poden acudir ao campamento de verán que organiza Special Olympics, que este ano foi en Arcade.
Estes campamentos teñen un compoñente lúdico importante, con excursións a romarías, concertos, praias, etc.

Este verán as prazas esgotáronse. No caso de estar interesado para o próximo curso, cómpre contactar a comezos do mes de xuño e consultar a dispoñibilidade.

AMICOS lanza un programa de inserción laboral para víctimas da violencia de xénero

A Asociación Amicos puxo en marcha no mes de agosto do 2016 un innovador programa para fomentar a inserción laboral de persoas vítimas de violencia xénero.. No programa participaron un total de 20 mulleres de concellos das comarcas do Barbanza, Noia e Sar, preferentemente mulleres con discapacidade.

Este programa, pioneiro nesta área- comarca, oferceulles ás alumnas unha formación personalizada mediante titorías co fin de coñecer as súas capacidades e dotalas de máis ferramentas e coñecementos que melloren a súa capacidade para conseguir un posto de traballo. Ademais disto, Amicos realizou un servizo de atención psicolóxica, orientación e intermediación laboral, así como o contacto con empresas para a inserción das alumnas no mercado laboral.

O programa continua ata abril do 2017, acandando no mes de decembro 6 inserciónS laboráis, todo un éxito.

Rehabilitando inmóbeis e limpando a Illa de Sálvora

Amicos desenvolveu este verán unha intensa actividade de voluntariado e traballo no Parque Nacional das Illas Atlánticas, concretamente na Illa de Sálvora.

Ducias de usuarios acudiron regularmente aló para colaborar en tarefas como a limpeza de praias, eliminación de especies invasoras, etc.

Ademais, Amicos encargouse durante os últimos tres anos de rehabilitar varias casas e galpóns da aldea de Sálvora. Estes inmóbeis estaban en mal estado, polo que eran un perigo potencial para os visitantes.

Fíxoo a través de Servizos E.I.L. -unha empresa de inserción laboral para persoas con discapacidade intelectual promovida por Amicos, que substituíu tellados, reconstruíu paredes, incorporou portas e ventás, etc.

Esta empresa tamén se encargou da rehabilitación de camiños e de cinco hórreos de pedra e de madeira, aumentado o patrimonio do Parque.

Son varias as administracións e particulares que regularmente contratan o traballo de Sevizos E.I.L para tarefas como rehabilitación, traballos forestais ou mantemento de xardíns. Deste xeito, os poderes públicos contribúen a plena integración das persoas con discapacidade no mercado laboral, que é un dos obxectivos polos que traballa Amicos. Por outra banda, coa labor de voluntariado ambiental, Amicos devolve á sociedade a solidariedade que recibe e contribúe a plena inclusión social dos seus usuarios.

Usuarios que, despois do voluntariado, teñen a oportunidade d e desfrutar das praias e do resto do patrimonio natural da Illa.

O Barbanza necesita unha unidade especializada para persoas adultas con autismo

"Queremos que nos dean axuda cando a necesitemos, pero non que fagan as cousas por nós". "A min non me gusta que me miren polos meus defectos, senón por aquelo que sei facer".

Esta foi unha das reivindicacións presentes no manifesto da Asociación Amicos polo Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
Lérono Miguel e Sarai ao final dunha serie de actos organizados en Boiro.

Varios centos de alumnos de centros escolares (CEIP Santa Baia, IES A Cachada e IES Espiñeira), usuarios de Amicos, familiares, monitores e autoridades de varios concellos do Barbanza participaron no evento, celebrado o día 2 de decembro. Os máis cativos tiveron a oportunidade de poñerse na pel das persoas con discapacidade mediante unha serie de xogos, por exemplo vendando os ollos ou desprazándose en cadeira de rodas.

No evento estiveron representantes dos concellos de Boiro e Ribeira. O anfitrión, o , o alcalde de Boiro, Juan José Dieste, tomou a palabra para lembrar a obriga das administracións públicas para promover a igualdade das persoas con discapacidade.

Como é habitual todos os anos, o acto finalizou coa xa tradicional solta de globos azuis, por parte dos asistentes.

Unha espectacular marea azul destinada a pedir, un ano máis, un mundo máis equitativo e solidario para as persoas que conviven coa discapacidade

Praticando Kempo no Open Barbanza

Máis dunha ducia de usuarios da Asociación Amicos participaron o 19 de novembro no "Open Barbanza", no pavillón A Fieiteira de Ribeira.

Trátase dun encontro deportivo internacional con centos de participantes que organiza o Club Kempo Barbanza coa colaboración do Concello de Ribeira.

Tras un rigoroso quecemento, os usuarios fixeron unha pequena exhibición de Kempo, unha arte marcial que conta con varios campións na comarca, onde é moi popular.

Tras completar os exercicios, cada un dos usuarios recibiu unha medalla pola súa participación.

Ademais, o Club entregou á Asociación unha figura decorativa, un dolmen, como premio a súa colaboración.

Amicos, sobre todo a través da Asociación Integrados, organiza regularmente actividades culturais e deportivas deste tipo, para que os usuarios poidan participar en pé de igualdade na vida social da súa contorna.

Disfraces, cabazas e diversión no Samaín

Un cento de persoas (usuarios, familias e monitores) participaron no programa de actos polo Samaín, ou Halloween. Entre outras actividades, houbo un taller de decoración das tradicionais cabazas e elixíronse as tres mellores (as de Alfonso, Roberto e Carmen) nun concurso.

Tamén se organizou un obradoiro de maquillaxe para despois retratarse, individualmente e en grupo, nun photocall moi terrorífico e divertido.

Un taller de cociña de galletas e xogos populares completaron o programa lúdico.

Amicos organiza a miúdo celebracións deste tipo como parte do seu esforzo para lograr unha integración social plena.

Éxito do noso calendario solidario

A cuarta edición do noso calendario xa está a venda dende só 2€ o calendario de mesa, 3€ o de parede.

A recadación vai todapara cubrir o funcionamento do centro residencial.

O calendario mostra aos usuarios colaborando en contornas de traballo para axudar a concienciar da necesidade de integrar laboralmente as persoas con discapacidade.

Neumáticos Barbantia de Boiro, floristería Floristerrae de Ribeira, Rossman Informática de Ribeira, Panadería Sieira Charlín de Ribeira, Electricidad Tecnifon Barbanza de Boiro, Ferretería Tucho de Boiro, Consultoría Grupo Arestora de Boiro, Galería La Doce de Boiro, Conxelados Basoñas Mar de Ribeira, Muebles Guadalupe de Boiro, Taller mecánico Piallo Sport de Ribeira e papelería Folder de Riberia financiaron e son o escenario das fotos, realizadas por fotografía Lesmes".

CONECE A **ENTIDADE** E OS SEUS **SERVIZOS**

QUEN SOMOS

Amicos é unha asociación dedicada oa coidado e atención de persoas con discapacidade intelectual, autismo e parálise-dano cerebral e das súas familias.

Amicos xorde no ano 2000, da man dun grupo de pais e nais movidos pola necesidade de crear un centro que atendese de xeito profesional as necesidades dos seus fillos e fillas, con graves discapacidades intelectuais.

Así, tras anos de esforzos, en 2004 abría as súas portas o Centro de Día da Asociación Amicos, converténdose no único centro homologado pola Consellería de Familia da Xunta de Galicia na comarca do Barbanza.

Pero ese foi só o primeiro chanzo. Desde aquel 8 de novembro de 2004 producíronse outros moitos fitos arredor de Amicos. Entre eles, a posta en marcha en 2007 dun Centro Ocupacional, no que se realizan actividades formativo-ocupacionais para persoas con discapacidade intelectual que lles permitan loitar pola súa inserción socio-laboral.

Xa en 2008, atendendo ás necesidades dos familiares de persoas con discapacidade menores de idade, e á gran demanda de atención directa a este colectivo, Amicos pon en marcha un Centro Educativo.

Esta escola, de carácter privado concertado, depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Seguindo con esta línea, no ano 2014 ponse en marcha o servizo de Atención Temperá, cubrindo así a necesidade das familias, dunha unidade de atención especializada para nenos e nenas de 0 a 6 anos.

Asemade, o inicio da actividade do Centro Residencial supuxo a culminación dun dos nosos soños. Sen embargo, esto non contituie unha meta, senón un paso máis no longo camiño que Amicos ten por percorrer, na procura do benestar das persoas con discapacidade intelectual.

Esta memoria pretende reflectir polo miúdo o traballo desenvolto por Amicos ao longo do pasado ano 2016



A SEDE DE AMICOS SITÚASE NO CORAZÓN DA COMARCA DO BARBANZA, NO CONCELLO DE BOIRO.

Zona de actuación

A nosa entidade atende fundamentalmente a usuarios e u suarias dos municipios de Ribeira, Porto do Son, Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo. Malia elo, nos últimos anos aumentaron as demandas de atención dos concellos de Noia e Lousame.

Noso horario

Os servizos de atención diurna dan atención de luns a venres en horario de 9:00 a 18:00.
Sen embargo, o Centro Residencial ten unha atención continuada os 365 días do ano..

CIF **G15747678** Asociación declarada de utilidade pública.
Orden ministerial: INT/2958/2006. B.O.E. 28 septiembre 2006
Recoñecida como prestadora de servicios sociais pola XUNTA DE GALICIA
Nº de Rexistro E-1306
Unidade de atención de día
Nº de Autorización de Centro de día E-1306-C-004
Unidade de atención ocupacional
Nº de Autorización de Centro Ocupacional E-1306-C-005
Unidade de residencial
Nº de Rexistro E-1306-C-003
Unidade de rehabilitación
Nº de Rexistro C-15-00380
Centro de educación especial
Código de centro 15032674
Servizo de atención temperá
Codigo de centro 010103

Os nosos datos de contacto son:

Centro de atención integral Amicos

Unidade de Rehabilitación Avanzada
Centro Residencial
Centro de Día
Centro Ocupacional
Centro de Formación Prelaboral

Lugar Comoxo 2-A,
15938 **Boiro** - A Coruña

981 865 716
981 835 921

Centro de educación especial Amicos

Unidade de atención de autismo
Unidade de atención especializada
Unidade de atención temperá

Rúa Gándara 44, 15993
1**Oleiros** - Ribeira

981 865 716

ES-GA-000283 · ER-1527/2008 · GA-2009/0796 · CDN-2010/0001

Plena inclusión A Coruña Galicia

QUE PRETENDEMOS

Noso obxectivo primordial pasa por proporcionarlle unha maior calidade de vida ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias.

Pretendemos darnos a coñecer como recurso de apoio e axuda para as familias de persoas con discapacidade intelectual.

Traballamos para favorecer o desenvolvemento integral das persoas con discapacidade intelectual, favorecendo a súa interrelación.

Aspiramos a dotar as persoas con discapacidade intelectual de coñecementos instrumentais básicos e habilidades sociais que faciliten a súa integración no mundo laboral.

Loitamos por integrar socialmente ao colectivo con discapacidade intelectual, ofrecéndolle os recursos psicosociais necesarios para desenvolverse no seu contorno e evitar a exclusión social.

Promovemos a atención e a formación ocupacional das persoas condiscapacidade intelectual.

Asesoramos, apoiamos e formamos ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias.

Poñemos en coñecemento da sociedade a realidade das persoas con discapacidade intelectual, por medio de xornadas de integración, visitas a centros de ensino, etc.

A actividade cotiá de amicos bebe dunha serie de valores e dun compromiso ético cara ás persoas con discapacidade intelectual e as súas familias

As seguintes premisas impregnan, dun xeito transversal, o conxunto de actividades e servizos que presta a nosa asociación

Respeto
Ter en conta tanto a idiosincrasia das persoas, abranguendo aos nosos usuarios, ás súas familias e aos profesionais de Amicos.

Confianza
Potenciar a transparencia, credibilidade e honestidade en todas as nosas acción

Profesionalidade
Desempeñar unha actividade baseada no coñecemento, a experiencia, innovación e a formación continua, desde unha actitude aberta, responsable e comprometida..

Participación
Fomentar o diálogo entre todos os axentes implicados na atención dos nosos usuarios e usuarias, así como o traballo en equipo.

Compromiso
Procurar de xeito permanente o benestar dos nosos clientes ofrecendo servizos e programas orientados a mellorar a calidade de vida.

Igualdade
Promover a liberdade de expresión e a defensa dos dereitos individuais en igualdade de condicións.

Superación
Afrontar con dinamismo a mellora continua dos profesionais e dos servizos ofertados..

Inclusión
Comprometernos a levar a cabo as acción necesarias para proporcionarlle aos nosos clientes oportunidades sociais en igualdade de condicións co resto das persoas..

QUE FACEMOS

Un gran equipo humano

Para o desempeño do seu labor, Amicos conta co traballoe a entrega dun gran equipo de profesionais altamente cualificadose sensibilizados co eido da discapacidade. Así, o cadro de persoa está conformado por:

Director
Subdirectora
Psicóloga
Pedagogas
Psicopedagogas
Logopedas
Fisioterapeuta
Educadora especial
Orientadora laboral
Profesores/as de taller
Coidadores/as
Técnico de integración
Monitores de actividades deportivas
Persoal administrativo
Cociñeiras
Persoal de limpeza

CENTROS E SERVIZOS
CENTRO DE ATENCIÓN DIURNA

Centro de día

Centro destinado a atender ás persoas cunha discapacidade intelectual severa, que fai que requiran de apoio extenso ou xeneralizado. Dispón dunha Unidade de Atención Personalizada –UAP– destinada a atender os casos máis graves.

Centro ocupacional

Centro destinado a atender ás persoas cunha discapacidade intelectual máis leve, que presentan necesidades de apoio intermitente.

Manipulado de alimentos
Artes gráficas
Bio centro
Viveiro forestal

Centro educativo

Centro destinado a atender aos rapaces e rapazas con discapacidade intelectual e idades comprendidas entre os 3 e os 21 anos.

Aula de plurideficiencias
Aula especial de autismo

Centro residencial

Centro de atención integral a persoas con discapacidade intelectual, autismo e parálise cerebral. Conta cun área especializada para persoas con necesidades de apoio extenso, así como una área para atención a persoas con diagnóstico dual.

Unidad de atención temperá

Servizo destinado a dar atención especializada a nenos e nenas de 0 a 6 anos, e favorecer con elo o seu desenrolo.

Integrados

Organiza case todas as semanas saídas de lecer e deportivas para os usuarios e as súas familias.

Fundación amicos

Fundación tutelar para a protección e coidado de persoas con discapacidade intelectual orfas ou en situación de desprotección.

Servizos EIL SLU

Properdis EIL SLU é unha empresa de inserción laboral que ten como finalidade primordial a incorporación ao mercado laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social.

Servinserta

Centro especial de emprego que ten por obxectivo principal o de proporcionarlle ás persoas con discapacidade a posibilidade de realizar un traballo remunerado, axeitado ás súas necesidades, que permita a súa integración laboral.

Area de emprego

No ano 2016 a asociación Amicos integrou no mundo laboral a 21 usuarios.

SERVIZOS

Servizo residencial

Servizo de atención de día a persoas con discapacidade

Servizo de atención e apoio a familias

Servizo de rehabilitación, fisioterapia, hidroterapia, hipoterapia...

Servizo de apoio a atención psicolóxica

Servizo de logopedia

Servizo de formación

Servizo de emprego

Servizo de asesoría xurídica

Servizo de respiro familiar

Servizo de apoio domiciliario

Servizo de comedor

Servizo de transporte adaptado

Actividade de lecer e deporte adaptado

CENTRO DE DÍA

O centro de día de Amicos atendeu en 2016 a 41 usuarios e usuarias

O Centro de Día da Asociación Amicos está dirixido a aquelas persoas con discapacidade intelectual que presentan grandes necesidades de atención. Os servizos ofrecidos pola nosa entidade contemplan a prestación de coidados paliativos e a satisfacción das súas necesidades persoais, tales como hixiene, alimentación ou afectividade.

Así, mediante un amplo abano de servizos e actividades, non só se melloran as condicións de vida das persoas que padecen graves discapacidades intelectuais, senón que tamén se favorece o seu grao de autonomía mediante o desenvolvemento de actividades cotiás, tales como os labores máis esenciais de aseo persoal ou a elaboración dunha comida sinxela.

O Centro de Día de Amicos conta cunha Unidade de Apoio Personalizado –UAP– destinada a atender a aqueles casos que precisan dun maior grao de atención. Desde esta unidade específica préstanse coidados paliativos e trabállanse aspectos como a estimulación sensorial ou a linguaxe e comunicación alternativa, fundamentais para aquelas persoas que presentan unha multidiscapacidade.

O noso Centro de Día é moito máis. Así, persíguense un amplo abano de metas, entre elas as de mellorar a psicomotricidade, a memoria e atención dos nosos usuarios e usuarias, ou de favorecer avances no controlda súa saúde mental.

De seguido, infórmase polo miúdo das tarefas desenvolvidas polo Centro de Día de Amicos ao longo de 2016.

Área de desenvolvemento de actividades da vida diaria

As actividades da vida diaria, son un conxunto de técnicas compensatorias que permiten ás persoas desenvolverse con eficiencia nas diversas tarefas que a rutina cotiá esixe. Desde os labores máis básicos de aseo persoal, ata a preparación dunha comida sinxela. Nesta área, procúrase iniciar ás persoas con discapacidade na aplicación das técnicas básicas das AVD, fomentando así a súa autonomía e independencia persoal.

Área de potenciación da psicomotricidade

Esta área do Centro de Día traballa de xeito específico para desenvolver e potenciar as habilidades motrices básicas, tanto a nivel da psicomotricidade fina coma a grosa. Trátase dun campo imprescindible á hora de traballar a autonomía das persoas con discapacidade..

Área de estimulación cognitiva

Nesta área resulta fundamental que os usuarios e usuarias non esquezan as aprendizaxes e habilidades adquiridas na súa etapa de escolarización. Tamén cómpre traballar a súa memoria e a atención.

Área de estimulación basal (sensorial)

A estimulación sensorial é esencial en persoas que presentan unha multidiscapacidade. Agudizar aqueles sentidos mellor conservados e traballar os que se atopan máis deteriorados resulta fundamental para mellorar a súa comunicación e interacción co contorno que as arrodea..

Área de lenguaxe e comunicación alternativa

No noso traballo cotián atopamos distintas necesidades educativas especiais da linguaxe, en función de cada un dos nosos usuarios e usuarias. Por iso cómpre deseñar programas específicos segundo o nivel e a necesidade concreta, para desenvolver a linguaxe, ben sexa oral, mediante signos ou por sistemas complementarios ou alternativos.
Por outra banda é importante mellorar a fala daquelas persoas nas que exista esta posibilidade. Así, nestes casos o tratamento logopédico resulta fundamental.

Área de control da saúde

En persoas con discapacidades intelectuais graves vese moi afectada a comunicación verbal, o que dificulta en gran parte poder descubrir a existencia dalgún problema mental asociado. Con todo, o feito de que estes usuarios e usuarias presenten dificultades de comunicación non significa que non busquen algunha maneira de transmitir sentimentos e necesidades.
Os factores de estrés ambientais –problemas familiares, cambios ambientais bruscos...– afectan con suma frecuencia á vida destas persoas, polo que un control das devanditas situacións contribúe a mellorar a súa saúde mental.

Área de control farmacolóxico (farmacovixilancia)

A maioría dos nosos usuarios e usuarias precisa dunha medicación, malia que non son capaces de responsabilizarse da súa axeitada administración. Así, desde Amicos realízase un control farmacolóxico individualizado, que queda reflectido nun rexistro da medicación que lle corresponde a cada paciente.
Desde a nosa entidade, tamén se levan a cabo tarefas de farmacovixilancia, destinadas a vixilar os posibles efectos secundarios ou reaccións derivadas da administración de medicamentos aos nosos usuarios e usuarias.

Área de mobilización postural

Este servizo asume a realización e control de cambios posturais naquelas persoas con problemas de mobilidade, coa finalidade de mellorar o seu estado físico e de saúde e polo tanto a súa calidade de vida.

Área de coidados hixiénicos e sanitarios

O aseo persoal é outro dos aspectos que se traballan no día a día. Para mellorar a autonomía persoal dos nosos usuarios e usuarias cómpre que estes realicen un correcto aseo, xa que unha imaxe axeitada e limpa facilita as relacións sociais e, en consecuencia, a integración.

Talleres adaptados

Dentro do colectivo que nos ocupa pódense diferenciar diversos niveis de discapacidade que afectan en maior ou menor medida á autonomía e desenvolvemento xeral das persoas. Así pois, para os usuarios e usuarias que presentan un maior grao de discapacidade realizamos diversas actividades en pretalleres, coa finalidade de que se poidan integrar durante unhas determinadas horas no taller correspondente ao que asisten persoas cun menor grao de discapacidade.
Dentro das actividades e tarefas a realizar nos devanditos pretalleres englobaríamos aquelas nas que se traballan de xeito directo as destrezas óculo-manuais, psicomotricidade fina e grosa, cálculo, coordinación e lateralidade co obxectivo de acadar un mellor desenvolvemento integral da persoa.

Terapia ocupacional

Co obxectivo de acadar un máximo de autonomía e integración, mediante a terapia ocupacional avalíase a capacidade de cada persoa para desempeñar unha actividade e así intervir nas correspondentes áreas deficitarias. Mediante as diferentes actividades promovidas pretendemos que os nosos usuarios e usuarias adquiran os coñecemento e aptitudes necesarias para o desenvolvemento de determinadas tarefas.

Terapias alternativas

Wiiterapia, aromaterapia, terapia con animais , terapia do sono ou danza son algunhas das terapias alternativas que se levan a cabo na entidade para favorecer un maior benestar nas persoas con discapacidade.

CENTRO OCUPACIONAL

O ano pasado, o centro ocupacional Amicos dou atención a XV persoas

O Centro Ocupacional de Amicos presta atención a aquelas persoas con discapacidade intelectual que precisan de apoio de xeito intermitente. Nesta área, que abrangue desde o control farmacolóxico ata a elaboración de dietas personais, traballamos para que os usuarios e usuarios adquiran novas habilidades que lles permitan mellorar os seus niveis de autonomía e faciliten a súa integración laboral.

Así, ademais de incidir nestas actividades formativas-rehabilitadoras, o centro desenvolve toda unha serie de obradoiros prelaborais adaptados, destinados a que os usuarios e usuarias adquiran os coñecementos e habilidades básicas en diversas ocupacións. Con este obxectivo, Amicos promovetoda unha serie de obradoiros relacinados co sector da hostalería, a serigrafía ou a agricultura ecolóxica.

Ademais, desde Amicos ofrécese formación específica para aquelas persoas que conten con posibilidades de optar a unha oferta laboral concreta, mediante o asesoramento e a preparación de entrevistas de traballo, e un servizo de intermediación laboral que inclúe tarefas de orientación e guía persoal.
Este acompañamento continúa unha vez conseguido o posto de traballo, cun servizo de seguimento e apoio fronte ás posibles dúbidas e problemas derivados do ambiente laboral.

Estas son algunas das accións levadas a cabo polo noso Centro Ocupacional durante o ano 2016.

Control farmacolóxico e farmacovixilancia

O control farmacolóxico realízase a través dun rexistro no que se analizan os posibles efectos adversos da medicación. Coa finalidade de aumentar a autonomía dos nosos usuarios e usuarias, procuramos que eles mesmos se responsabilicen paulatinamente da súa medicación. Seguindo esta liña de actuación, e sempre baixo supervisión dun profesional, aspiramos a que recoñezan a medicación correspondente e lembren a hora das súas tomas.

Potenciación de hábitos saludables

Desde a Asociación Amicos potenciamos a adopción de hábitos de vida saudables. Perseguindo este obxectivo, a través da nosa entidade foméntase a práctica deportiva de xeito regular, evítase o sedentarismo, e incúlcase o beneficio de seguir unha dieta variada e pobre en graxas, evitando os excesos e a toma de alimentos de xeito compulsivo.

Potenciación da hixiene persoal

A área que nos ocupa resulta fundamental no que respecta á integración social e laboral, atendendo a que esta será máis doada se os nosos usuarios e usuarias ofrecen unha imaxe limpa e coidada. Esta é unha área moi importante, xa que proxectar unha boa imaxe facilita a integración social. Así pois, desde Amicos procuramos que os usuarios e usuarias, sempre contando coa colaboración das súas familias, adquiran hábitos axeitados no que respecta á imaxe persoal.

Control da saúde

Un dos máis importantes obxectivos dentro do traballo de Amicos pasa por mellorar a calidade de vida dos nosos usuarios e usuarias. É moi común atopar, asociados á discapacidade intelectual, problemas relacionados coa saúde mental.

Así pois, a nosa entidade realiza un control da saúde mental dos usuarios e usuarias en colaboración con especialistas desta área (psiquiatras, psicólogos, asistentes sociais...).

Elaboración de dietas persoais

O sobrepeso é un dos factores que van xeralmente asociados a moitos dos nosos usuarios e usuarias. Así, en Amicos procedeuse a elaborar dietas personalizadas destinadas a mellorar a calidade de vida de cada unha das persoas nesta situación

Ademais do factor do sobrepeso, outros problemas médicos asociados como un elevado índice de colesterol, diabetes ou ácido úrico, determinaron a necesidade de que se sigan estas planificacións individualizadas.

Potenciación de actividades da vida diaria

Ao falar das actividades propias da vida diaria referímonos a un conxunto de técnicas compensatorias que permiten ás persoas desenvolverse con eficiencia nas diversas tarefas que a experiencia cotiá esixe: desde os labores máis sinxelos de aseo persoal, ata a preparación dunha comida.

A consecución dos obxectivos marcados neste aspecto,supón un importante fito para os nosos usuarios e usuarias, avanzando un chanzo máis cara a súa autonomía.

Fogar educa

A posta en marcha do fogar educa facilita esta labor, ofrecendo aos usuarios e usuarias un espazo real onde poder desenvolver habilidades diarias necesarias para levar a cabo as ABVD.

Actividades creativas

O desenvolvemento de determinadas actividades creativas fomenta a autorrealización dos nosos usuarios e usuarias, e reforza as súas propias personalidades a través do eido artístico. Por medio da pintura, as manualidades con papel, pastas modelables... contribúese ademais a que as persoas con discapacidade intelectual exerciten e melloren as súas habilidades óculo manuais e a psicomotricidade fina.

Actividades culturais

Ao falarmos de mellorar a autonomía das persoas con discapacidade cómpre non esquecerse de desenvolver e fomentar a programación e realización de actividades culturais destinadas aos nosos usuarios e usuarias.
Con estas actividades preténdese o seu crecemento como persoas, así como incrementar os seus coñecementos dunha forma lúdica e recreativa.

Do mesmo xeito tamén se traballan actividades de reforzo educativo coa finalidade de que as persoas con discapacidade non esquezan os coñecementos aprendidos durante a etapa de escolarización nas áreas básicas, tales como as matemáticas, lingua...

Talleres de traballo adaptado

Os obradoiros prelaborais constitúen a principal actividade do Centro Ocupacional de Amicos. A través destes talleres, favorécese a posibilidade de que as persoas con discapacidade intelectual poidan acceder ao desempeño dun posto de traballo.
Así, desenvólvense unha serie de rotinas e obrigas destinadas a preparar aos nosos usuarios e usuarias para o cumprimento da disciplina propia do eido laboral. Os diferentes obradoiros prelaborais de Amicos cumpren tamén un importante papel rehabilitador, fomentando hábitos positivos e a comunicación e interrelación entre os compañeiros e compañeiras de cada un dos grupos establecidos.

Taller de coiro
Taller de olaría
Taller de fimo
Taller de coiro
Taller de bisutería
Taller de lectoescritura
Taller de expresión dramática
Taller de creatividade

Talleres prelaborais adaptados

Na sociedade actual a incorporación ao ámbito laboral constitúe un requerimento fundamental para a integración social. Se no contexto que estamos a vivir o acceso ao mercado de traballo resulta sumamente complexo para calquera mozo ou moza, aínda o é moitísimo máis para a queles que presentan algún tipo de discapacidade.

Así, en Amicos pensamos que resulta prioritario ofrecerlles aos nosos usuarios e usuarias, dentro das súas posibilidades, unha formación ocupacional a través da que poidan adquirir habilidades básicas para o desempeño de determinados postos de traballo.

Taller de envasado

Con este taller pretendeuse que os usuarios descubriran e interviñesen no proceso de elaboración de diferentes produtos ata chegar ao seu envasado.

Servizo de manipulado de alimentos

A experiencia coa manipulación de alimentos derivada do traballo diario nos talleres de envasado e elaboración de marmeladas, abriunos a oportunidade de iniciar esta nova actividade hostaleira.

A través deste obradoiro ofrécese apoio ao servizo de cociña, realizando actividades de limpeza, corte, manipulado ou envasado de diferentes alimentos: froitas, verduras, hortalizas, peixe, carne...

Servizo de serigrafia

Moitas das demandas do mercado laboral fan referencia ao sector téxtil, polo tanto un taller orientado a esta área ofrecerá máis posibilidades de inserción aos nosos usuarios e usuarias.

As principais actividades que se desenvolven no mesmo son:

- Separación e clasificación das prendas de vestir por talles e/ou por cores
- Emulsionado e insolado de pantallas
- Recuperación das mesmas.
- Insolado e revelado de placas
- Embalaxe e etiquetaxe das prendas de vestir
- Aprender a dobrar as prendas
- Actividade de serigrafía
- Actividade de tampografía
- Actividade de bordado
- Creación de vinilos en plotter

Servizo de packaging

A colaboración das empresas da zona é fundamental para a realización deste taller, pois a actividade fundamental é a clasificación e empaquetado de diferentes productos segundo o pedido

Bio centro

A través de actividades de agricultura ecolóxica desenvolvemos hábitos laborais axeitados, garantindo a participación das persoas con discapacidade en todo o proceso de cultivo. As verduras e hortalizas do noso biocentro contan co certificado de produto ecolóxico, quedando así garantizada a calidade das mesmas. Así pois, atopamos nas nosas colleitas leitugas, pementos, tomates, coliflor... diferentes produtos de tempada en función da época do ano.

Eco viveiro

O cultivo de árbores autóctonas no ecoviveiro ofrece ás persoas con discapacidade intelectual a oportunidade de desenvolver uns hábitos de traballo axeitados, ao tempo que coidan o medio ambiente.

Ao proceso de cultivo das árbores súmanselle outras actividades paralelas como a repoboación forestal, contribuíndo á mellora do hábitat dos nosos montes.

Formación adaptada a demandas laborais

Aqueles usuarios e usuarias de Amicos con posibilidades de inserción laboral e que presenten características e competencias adaptadas para algunha demanda de traballo concreta, reciben a formación axeitada para asistir á correspondente entevista de traballo.

Ademais, desde a nosa entidade instrúeselle naquelas capacidades precisas para o desempeño do posto de traballo en cuestión, no caso de resultar seleccionados.

Servicio de orientación e guía persoal

Tanto os cursos coma os talleres adaptados e prelaborais teñen como finalidade orientar aos nosos usuarios e usuarias de cara á consecución d un posible posto de traballo. Este pode emprazarse nun taller ocupacional, nun centro especial de emprego ou, no mellor dos casos, nunha empresa.

Apoio postlaboral

O traballo desenvolvido por Amicos non se considera rematado unha vez conseguida a inserción laboral dalgún os nosos usuarios e usuarias. Pola contra, a nosa entidade realiza un exhaustivo seguimento destinado a proporcionarlle á persoa con discapacidade os apoios precisos para solventar as súas limitacións, así como formación continuada para adaptarse á evolución do mercado laboral.

Para desenvolver este labor, encomendamos un titor que se responsabiliza de realizar o devandito e de poñerse en contacto coa persoa responsable asignada no seo da empresa que corresponda.

CENTRO RESIDENCIAL

O centro residencial da servicio os 365 días do ano as 24 horas do día

O centro Residencial Amicos está dirixido a persoas con discapacidade intelectual. Conta con zonas especializadas para dar atención a persoas con necesidade apoio extenso ou xeneralizado, garantindo unha atención persoalizada.

O centro residencial ofértase como un recurso de vivenda temporal ou permanente ás persoas con discapacidade intelectual que necesiten unha atención integral, continuada, persoal e multidisciplinar, pero que non pode ser levada a cabo no seu medio familiar.

O centro residencial é un lugar de vida, un entorno de fogar rexido por uns criterios e valores onde a persoa é o centro. Créase un espacio persoal, dende as capacidades e limitacións, de significación e intimidade no que se poida traballar o proxecto de vida elexido pola persoa, a partir das costumes persoais e da situación anterior ao ingreso.

O lugar de vida tradúcese nun espacio capaz de xerar oportunidades de implicación da familia e da rede social, na que se poidan ofertar apoios de acompañamento nas actividades da vida diaria e no quefacer cotidiano, dende procesos de toma de decisións centrados na participación.

Nesta memoria queremos facer mención as actividades levadas a cabo no centro residencial ao longo do 2016.

Servizo de coidados persoais e atención individual

Servizo que proporciona os apoios necesarios (persoais e/ou instrumentais) para levar a cabo as actividade da vida diaria referidas a alimentación, aseo persoal, hixiene e vestimenta.

Servizos hosteleros

Servizo dirixido a facilitar a manutención dos usuarios tendo en conta as características e necesidades individuais.

Descanso

Servizo dirixido a favorecer un descanso adecuado, atendendo ás necesidades de cada residente.

Atención especializada fisioterapia

Servizo que ten por finalidade desenvolver e/ou manter as capacidades das persoas a nivel físico.

Atención especializada psicomotricidade

Favorecer a relación e comunicación do residente co mundo que o rodea a través do dominio corporal.

Atención especializada psicoloxía

Favorecer a estabilidade emocional, conductual e mellorar o funcionamento cognitivo.

Servizo de saúde

Servizo de promoción da saúde física e psíquica.

Asemade, realiza unha farmacovixilancia onde controla os posibles efectos adversos derivados dos fármacos. En función das capacidades individuais, poténciase a responsabilidade na toma da medicación.

Servizo de acompañamento médico

Servizo de apoio para mellorar a relación cos profesionais da saúde e facilitar a comprensión das necesidades e características persoais das persoas con discapacidade así como das instruccións médicas.

Servizo de ocio e tempo de lecer

Servizo dirixido a programar as intervencións necesarias para mellorar a interrelación do residente mediante os recursos persoais e sociais que se estimen necesarios.

Programas de intervención co residente

Programas sociosanitarios

Programa de hixiene persoal
Programa de coidado persoal
Programas de control de esfínteres
Programas de nutrición e deglución
Taller de sono

Programas de actividades

Actividades funcionais: tabla de exercicios físicos, estimulación psicomotriz. Sensibilidade corporal e motricidade, coordinación, equilibrio e control corporal, rehabilitación avanzada, terapia con animais, wiiterapia, actividades deportivas, hidroterapia .

Actividades cognitivas: envellecemento activo, estimulación e rehabilitación cognitiva, relaxación e terapia de distensión (musicoterapia, aromaterapia).

Actividades formativo-ocupacional: taller de expresión artística, educación permanente de adultos, taller de alimentación e cociña fácil.

Actividades sociais e de participación na comunidade: actividades de ocio e tempo de lecer, educación afectivo sexual, educación para a saúde, entrenamento en habilidades básicas e instrumentais da vida diaria, teatro de marionetas.

CENTRO EDUCATIVO

O centro de educación especial Amicos atendeu a 20 nenos no ano 2016

O Centro de Educación Especial Amicos, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, abríu as súas portas en 2008, tras moitos esforzos encamiñados a dar resposta ás necesidades dos familiares de persoas con discapacidade menores de idade. Este centro de carácter privado, concertado, aconfesional e respectuoso con todas as crenzas– dispón dunha aula especial de autismo e dunha aula de plurideficiencias.
Nesta escola de Amicos, dirixida aos rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 3 e os 21 anos, preténdese dotar ao alumnado de habilidades adaptativas e funcionáis, realizando exercizos estimulación a nivel atencional, perceptivo, sensorial e cognitivo. Mediante a atención personalizada, e poñendo en práctica unha metodoloxía altamente participativa, promóvese un amplo abano de actividades destinadas a que nenos e nenas aprendan a
pensar, a convivir e a desenvolverse como persoas.
A programación estritamente formativa do Centro de Educación Especial Amicos compleméntase cunha ampla oferta de actividades extraescolares e actividades de verán. Ofrécese asemade un programa de reforzo continuado que presta apoio extraescolar aos rapaces e rapazas con discapacidade intelectual escolarizados en centros ordinarios.

Proxecto educativo

Os dous principios xerais do Proxecto Educativo de Centro parten da Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio e son os mesmos que inspiran o Regulamento de Organización e Funcionamento do centro e o Plan de Convivencia:

A esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos os dous sexos, en todos os niveis do Sistema Educativo, calidade e equidade.

A necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir ese obxectivo, esforzo compartido..

Metodoxia

Participativa e activa
Construtiva
Lúdica
Globalizadora
Coeducativa
Integradora

Oferta educativa

Modalidades de escolarización: o alumnado con necesidades educativas especiais está suxeita a un proceso de seguemento continuado, con revisións periódicas coas súas correspondentes avaliacións psicopedagóxicas, sendo flexible e adaptándose á evolución do alumnado.

O Centro conta con dúas modalidades

Completa: o/a alumno/a está escolarizado íntegramente no centro de educación especial.

Combinada: o/a alumno/a presenta unha escolarización que combina a educación do centro ordinario co centro de educación especial, acudindo un días a un centro e outro días a outro segundo necesidades educativas.

Tratamento especializado: o centro conta con unidades de atención especializadas segundo as necesidades do alumno:

Unidade específica do espectro autista
Unidade de plurideficiencias

Servizo de apoio especializado: o centro conta con un equipo de profesionais especializados:

Logopeda
Psicóloga
Fisioterapeuta
Mestres de educación especial

Atención individualizada segundo as necesidades específicas de cada alumno:

Obxectivos educativos funcionais
Recursos e materiais adaptados
Sistemas de comunicación alternativos

Programas específicos:

Autonomía persoal
HHSS
Estimulación cognitiva e sensorial
Intelixencia emocional
Hidroterapia
Xogo creativo
Terapias alternativas, wiiterapia, aromaterapia, danza...

Actividades extraescolares

Son aquelas actividades que se realizan con alumnos e alumnas en horario lectivo e que, formando parte da programación teñen carácter diferenciado en canto ao momento, espazo e recursos empregados.

Durante o curso escolar 2016, no CEEPR AMICOS realizáronse as seguintes actividades extraescolares:

Celebración do magosto
Celebración do magosto
Visita dos reis magos
Día da discapacidade
Festival del nadal
Concurso tarxetas de nadal
Visita praia xardin
Día da paz
Desfile de entroido
Teatro
Día do libro
Celebración de San Xoan
Visita ao supermercado
Feria de educación

Actividades estivais

Dada a gran demanda de atención directa a este colectivo durante o verán, desde a asociación Amicos desenvolvéronse diferentes actividades estivais.

Facilitación de respiro familiar
Ofrecer actividades lúdicas
Reforzar as habilidades para favorecer a súa evolución

Actividades de reforzo continuado

Servizo de apoio extraescolar, para aquelas persoas con discapacidade que, estando escolarizadas en centros ordinarios, presentan unhas necesidades especiais que estes centros non cubren.

ATENCIÓN TEMPERÁ

A asociación Amicos oferece un servizo de atención temperá destinado a mellorar a calidade de vida de nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo

A intervención vai dirixida a nenos e nenas de entre 0 e 6 anos, á súa familia e ó seu contorno, abarcando diferentes áreas:

Área motora
Área sensorial
Área comunicativa
Área perceptiva/cognitiva
Área de autonomía persoal.

Este servizo realízase en sesións individualizadas, adaptadas ás súas necesidades e seguindo unha metodoloxía centrada no aproveitamento máximo das súas posibilidades.

O principal obxectivo desta atención temperá contempla que os nenos e nenas que presenten trastrastornos no seu desenvolvemento, ou corran risco de padecelos, reciban, seguindo un modelo que considere os aspectos bio-psico-sociais, todo aquello que desde a vertente preventiva e asistencial poida potenciar a súa capacidade de desenvolvemento e de benestar. Deste xeito, favorecerase a súa integración no medio familiar, escolar e social, así como a súa autonomía persoal, do xeito máis completo posible:

Os equipos profesionais está composto:
Psicóloga
Logopeda
Fisioterapeuta
Psicopedagoga
Mestra

SERVIZOS ESPECIALIZADOS

A ampla oferta que se xunta de seguido vai destinada non só aos propios usuarios/as da nosa asociación, senón tamén na súa meirande parte a aquelas persoas que precisen beneficiarse dos mesmos

Esta área, de carácter multidisciplinar, combina de xeito transversal e complementario o desenvolvemento de diversas actividades e tratamentos do obxectivo de prestar unha atención altamente especializada e individualizada ás persoas con discapacidade intelectual. Así, para cada un dos seus usuarios/as confórmase un programa único e adaptado ás súas necesidades concretas, a través dos seguintes servizos:

Servizo de psicoloxía

Actividades de estimulación cognitiva.
Actividades de estimulación sensorial.
Actividades de estimulación psicomotriz.
Reforzo de habilidades sociais.
Actividades de modificación de conduta.
Atención ao envellecemento.
Actividades de distensión.
Apoio a familias

Servizo de logopedia

Patoloxía da voz - fonación e resonancia
Patoloxía da fala: articulación e fluencia.
Patoloxía específica da linguaxe : niveis de intervención por áreas: morfoloxía, sintaxe semántica e pragmática.
Patoloxías derivadas de problemas auditivos.
comunicacion alternativa

Servizo de rehabilitación

Fisioterápia
Hidroterápia
Potenciación da psicomotricidade grosa
Actividades deportivas
Atención o envellecemento

Servizo de transporte adaptado

A entidade dispón dunha frota conformada por un total de 10 vehículos adaptados, 1 minibús e 12 furgonetas , 5 dos cales contan con adaptación para o traslado de persoas con mobilidade reducida. A través deste servizo de transporte, Amicos facilita o desprazamento dos seus usuarios/as desde os seus respectivos domicilios ata a sede, e viceversa.

Servizo de comedor

O servizo de comedor debe entenderse como un complemento máis do labor desenvolvido pola entidade. Así, por medio dunha actividade cotiá, foméntanse os hábitos e as actitudes saudables dos nosos usuarios/as con respecto á nutrición, e garántese unha dieta sana e equilibrada. O servizo conta coa colaboración dunha dietista encargada de elaborar os menús personalizados para aqueles casos que precisen de dietas especiais.

ÁREA DE ATENCIÓN A FAMILIAS

En Amicos somos conscientes de que unha gran parte do noso traballo debe necesariamente estar orientada ao apoio, acompañamento e atención das familias que teñen ao seu cargo a persoas con discapacidade intelectual. Resulta fundamentar ofrecerlles os recursos e coñecementos necesarios para afrontar tanto a realidade cotiá como outros posibles problemas, dúbidas ou acontecementos concretos. Ao longo do pasado ano, abordáronse desde Amicos os seguintes aspectos:

Servizo de asesoría xurídica

O servizo de atención xurídica está a disposición tanto dos nosos usuarios e usuarias como das súas familias e/ou titores legais

Servizo de respiro familiar

Para avanzar na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e dos seus familiares, este servicio desenvolve accións de información, formación, apoio e alivio ás familias, que favorecen a creación de condicións

ÁREA DE FORMACIÓN

A nosa entidade entende a formación como un dos vehículos esenciais para acadar a integración en igualdade dos nosos usuarios e usuarias. Non só desde accións concretas destinadas ás persoas con discapacidade intelectual, senón tamén por medio de iniciativas de formación continua enfocadas a formación continua enfocadas a que os/as nosos/as profesionais poidan ampliar os seus coñecementos e desenvolver novas actividades.
No eido da formación, en 2014, cómpre salientar os seguintes fitos:

Formación ocupacional

Amicos promove diversas accións relacionadas coa formación laboral específica, destinada a formar ás persoas con discapacidade para que poidan optar a un posto de traballo nun futuro. As actividades desenvolvidas céntranse en proporcionarlles os coñecementos básicos para cada unha das ocupacións laborais.

Formación interna

O proceso de formación continua dos nosos traballadores e traballadoras mellora a calidade do servizo ofertado, dando a oportunidade tanto a usuarios coma a profesionais de ampliar coñecementos e desenvolver novas actividades.

ÁREA DE LECER

O lecer constitúe outra das pezas fundamentais para incrementar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias. Coñecedores desta realidade, desde Amicos traballamos activamente para conformar unha ampla oferta de ocio, tanto para os nosos usuarios e usuarias como para as persoas do seu contorno máis próximo. Un completo programa de actividades, por semana e fin de semana, destinadas a enriquecer a vida das persoas con discapacidade intelectual, e de mellorar os seus estados anímico e físico, mediante a práctica de diversas disciplinas deportivas.

Actividades de ocio

Aprender a disfrutar o tempo de ocio resulta fundamental na sociedade actual, rexida polo estrés e o traballo. As persoas con discapacidade intelectual non constitúen unha excepción a esta realidade, xa que tamén precisan dispoñer dun tempo para gozar coas actividades que máis lles agradan.

Actividades deportivas

Adquirir hábitos esencias de mellora do estado físico resulta esencial nas persoas con discapacidade, xa que deste xeito mellorará o seu autoconcepto e autoestima, o que repercutirá favorablemente na súa integración.

- Natación
- Fútbol-sala
- Atletismo
- Petanca
- Kenpo
- Xogos pre-deportivos
- Rotas de camiñadas

ASOCIACIÓNS COLABORADORAS

INTEGRADOS

É unha asociación multidisciplinar constituída por mozos e mozas traballadores/as, persoas con discapacidade intelectual, familiares e amigos destas persoas con capacidades psíquicas reducidas. O seu principal labor pasa por conseguir que as persoas con discapacidade intelectual poidan aprender a gozar do seu tempo libre mediante o deporte, a cultura e a promoción da saúde, mellorando deste xeito a súa calidade de vida.
De seguido sinálanse as metas e actividades desenvolvidas pola Asociación Integrados ao longo do ano 2016:

- Cabalgata de Reis Magos
- Varias saidas o cine
- Desfile de entroido
- Visita o zoo avifauna Lugo
- Teatro en Santiago de Compostela
- Visita a catedral de Santiago
- Partidos de fútbol-sala
- Exhibición de Kenpo
- Cidade imaxinaria
- Fin de semana en Ourense
- Visita as termas
- Xornadas deportivas coa Asociación a Creba
- Campamento Arcade
- Saida o burguer king
- Convivencia familiar no Carballiño

Fundación Amicos

A fundación AMICOS nace coa finalidade de tutelar e protexer ás persoas con discapacidade orfas ou en situación de desprotección. Esta organización de carácter non gubernamental, sen ánimo de lucro, créase no ano 2006 e conta con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar.

Ao longo de 2016, a Fundación Amicos asumiu a tutela de varias persoas, que por diversas causas non contan cun familiar ou persoa cercana que poida exercer esta labor.

SERVINSERTA E.I.L.
CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO

SERVIZOS E.I.L.
EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL

Ao longo do 2016, creáronse 20 postos de traballo para persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, chegando a consolidarse 10 dos mesmos

Máis aló da actividade en prol da inserción laboral dos seus usuarios e usuarias que Amicos desenvolve a través do seu Centro Ocupacional, a entidade é a responsable da posta en marcha de Servinserta (é un centro especial de emprego) e Properdis (unha empresa de inserción laboral que vén consolidando a súa actividade arredor dos eidos do medioambiente e as obras).

O mercado laboral actual está marcado pola dificultade de acceso para a mocidade a un posto de emprego.
Esta realidade resulta aínda moito máis complexa nas persoas con discapacidade intelectual, un colectivo en grave risco de exclusión social, que precisa acompañar a súa formación de oportunidades de práctica laboral, a través das que amosar as capacidades para desenvolver un traballo normalizado.

A través dun emprego remunerado e da formación e asesoramento precisos, facilítase que as persoas con discapacidade gocen da oportunidade dunha integración sociolaboral. Para acadar este obxectivo,realízase un plan individualizado de inserción no cal se analizan os niveis formativos ou petencias profesionais presentadas, coa finalidade de desenvolver as aptitudes e habilidades demandadas polo mercado laboral activo. Poténcianse, asemade, hábitos sociais de traballo e de convivencia que favorezan a adaptación social.

Ao longo do pasado ano, Properdis e Servinserta desenvolveron actividades destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas en risco de exclusión social, a través dos seguintes eidos:

Servizos de obras, construcción e reformas
Servizos de xardinería
Servizos de limpeza
Traballos forestais e medioambientais
Contrucción de invernadoiros e sistemas de rego
Viveirismo
Venda e distribución de material publicitario e de artesanía

Coa finalidade de acadar os seus obxectivos, Servizos e Servinserta desenvolveron as seguintes liñas de actuación

Formación

O proceso formativo céntrase no desenvolvemento de hábitos socio-persoais relacionados coa ocupación, así como na elaboración dun plan de inserción para o emprego. Estas dúas áreas, combinadas cunha práctica laboral a través de contratos de traballo de carácter temporal, serven de pasarela cara ao mercado de traballo.

Orientación

A través do apoio técnico necesario, facilítaselles aos usuarios e usuarias o proceso de planificación que lles sirva de referente para acadar a progresiva autonomía no establecemento do seu itinerario de inserción laboral. Así pois, o/a orientador/a preséntase como un mediador entre as necesidades do demandante de emprego e as esixencias do mercado laboral, intentado favorecer a autonomía do/a usuario/a no proceso de inserción.

Intermediación laboral

Por medio da intermediación laboral preténdese proporcionar aos traballadores e traballadoras un emprego axeitado ás súas características, así como facilitar aos empregadores os traballadores máis axeitados atendendo aos seus requirimentos e necesidades.
Desde Properdis poñémonos en contacto con empresas do sector para facilitar oportunidades de traballo a aquelas persoas beneficiarias que completan o seu plan de traballo, dando así a coñecer o perfil de cada un dos candidatos e candidatas.

acompañamento no posto de traballo

A través de actividades de seguimento, valórase a evolución de cada unha das persoas usuarias segundo o seu itinerario de inserción.